

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ITINERANCIA DAS EXPOSICIÓNS TEMPORAIS "O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA" NO MULTIUSOS MERCADO DE SABARÍS E "BOTAMOS UN BAILE?" NO PASEO PINZÓN DO CONCELLO DE BAIONA

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma en data de 16 de decembro de 2016, elevados a público en data de 19 de decembro de 2016, e do artigo 31 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Doutra parte,

CONCELLO DE BAIONA, con CIF número ESP3600300B, e domicilio social na rúa Lorenzo de la Carrera, 17, 36300 - Baiona (Pontevedra).

Está representada neste acto por D. Jesús Vázquez Almuíña, na súa condición de Alcalde, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.a) y b9 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou "Convenio"), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)** foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de*



conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste contexto, a Fundación organiza as exposicións itinerantes **“O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA”**, realizada pola Fundación no Museo Centro Gaiás entre o 28 de outubro de 2021 e o 17 de abril de 2022, e **“BOTAMOS UN BAILE?”** adaptada da exposición que co mesmo nome realizou a Biblioteca de Galicia entre o 8 de novembro de 2023 e o 2 de xuño de 2024.

A exposición **“O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA”** é un proxecto expositivo e editorial que retrata as realidades e paisaxes que conforman o itinerario do Camiño Portugués e tece un diálogo entre a fotografía do pasado e as olladas do presente. De Porto a Santiago de Compostela, as paisaxes, a vida nas prazas das aldeas, os monumentos e as escenas cotiás que foron inmortalizadas en séculos pasados volven ser motivo de inspiración baixo unha nova ollada. En 120 fotografías e a través da ollada de 42 fotógrafos e fotógrafas, a mostra aproxímase á riqueza paisaxística e monumental deste itinerario histórico para facernos novamente conscientes do seu valor patrimonial e convidarnos a redescubri-lo cos ollos de quen o mira por primeira vez. Grandes figuras da arte fotográfica a ambas beiras do Miño e artistas de procedencias diversas que transitaron por este sendeiro préstannos os seus ollos e as súas impresións para que nos embebamos das imaxes e das emocións que asaltan a quen visita cada un deses lugares e as poidamos vestir como unha segunda pel.

A exposición **“BOTAMOS UN BAILE?”** realiza unha aproximación histórica ás orquestras de verbena en Galicia, nun arco cronolóxico que abarca desde 1919 a 2019. A exposición permite visualizar a evolución das verbenas galegas, que foron adquirindo un carácter propio nas primeiras décadas do século XX: desde a incorporación á música tradicional de gaitas do país e as bandas de música doutras músicas bailables importadas de América coma o charlestón, o fox-trot, o jazz ou o tango, pola emigración masiva desde



Galicia a países como Cuba e A Arxentina, ata a segunda metade do século XX na que se inclúen no repertorio músicas como a cumbia, o merengue, o rock, o pop e ata o reggaetón. O contido que nela se recolle comprende os fondos custodiados na Biblioteca de Galicia coma programas de festas, fotografías, discos de vinilo, casetes, CDs e sobre todo, carteis. A través destas pezas pódese apreciar a evolución dun xeito de ocio arraigado en Galicia, cun tecido económico-productivo propio en constante desenvolvemento e innovación.

Ambas propostas desenvólvense no marco do programa de itinerancias que promove a Fundación Cidade da Cultura dentro do IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027, co obxecto de facilitar o acceso á cultura e en concreto ás propostas desenvolvidas no Gaiás.

Así mesmo, o IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027 estableceu como principais obxectivos estratéxicos, entre outros:

- OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo;
 - o Acción 1.2.3. Promotores externos.
 - o Acción 1.3.2 Novos públicos

- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego
 - o Acción 1.2.2 Produtores de contidos expositivos de calidade para espazos cultural de Galicia.
 - o Acción 1.4.3 Descentralización (descentralizar a programación da Cidade da Cultura e afondar nas itinerancias das principais exposicións, remarcando o papel da CdC como comisaria destas).
 - o Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado (promover a co-creación de proxectos compartidos, como unha aproximación creativa ás empresas e marcas para o deseño de proxectos personalizados que fagan coincidir os valores da Cidade da Cultura cos das empresas).

En virtude dos seus obxectivos estratéxicos a Fundación é promotora da grandes exposicións sobre a cultura e o patrimonio galego, tentando difundir o noso legado alén das fronteiras da nosa comunidade, o que motiva a necesidade de itinerar as exposicións **"O CAMIÑO PORTUGUÉS"** e **"BOTAMOS UN BAILE?"** a Baiona.

SEGUNDO.- Que ao amparo deste documento, o **CONCELLO DE BAIONA** como unha das Rutas do Camiño Portugués da Costa máis transitado dos últimos anos, solicitou mediante petición de data 29/11/2024 á Fundación do Museo Centro Gaiás e a Biblioteca de Galicia poder expor no Multiusos de Sabarís do 2 ao 29 de xullo a exposición titulada "Camino Portugués. Memorias de Mar e Terra e do 2 ao 29 de setembro de 2025 Paseo Pinzón a exposicións Botamos un Baile?. Ambas exposicións, encadradas dentro da Programación Baiverán 2025 que organiza a concellería de festexos e cultura deste concello.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO



É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Fundación e o Concello de Baiona, para que a exposición **"O CAMIÑO PORTUGUÉS"** itinere ao Multiusos Mercado de Sabarís para a súa exhibición do 2 ao 29 de xullo e para que a exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** itinere ao paseo Pinzón para a súa exhibición pública do 2 ao 29 de setembro de 2025.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, para a itinerancia da exposición **"O CAMIÑO PORTUGUÉS"** a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. A entregar ao Concello de Baiona, as obras recollidas no Anexo I e cuxa itinerancia fose previamente autorizada polas entidades colaboradoras, debidamente embaladas para o seu traslado á sala do Multiusos Mercado de Sabarís.
2. A contratación do seguro segundo modalidade "cravo a cravo", que cubra as obras da exposición durante a súa manipulación, preparación de embalaxes, transporte de concentración e dispersión e desmontaxe e reembalaxe das estruturas ao remate da exposición no Multiusos Mercado de Sabarís.
3. Ceder o uso temporalmente e unicamente ata a clausura da exposición no Multiusos de Sabarís, da obra producida por Fundación. En calquera caso, a cesión se refire unicamente ao uso destes elementos e se restrinxe dita utilización, á exhibición da exposición **"O CAMIÑO PORTUGUÉS"** no Multiusos Mercado de Sabarís para a súa exhibición pública do 1 ao 29 de xullo de 2025. A cesión de uso non implica a transmisión da propiedade de ditos elementos nin a posibilidade de cesión a terceiros de dito material.
4. Directamente, ou a través de terceiros, a contratación, execución e os gastos derivados do transporte de concentración e dispersión de obra, embalaxe e produción de envoltorios (de ser o caso), reembalaxe no desmonte, rexistro e, desmonte da pezas no espazo.
5. Producción, montaxe e desmontaxe da gráfica na sala.
6. Asumir os honorarios pola contratación da comisaria da exposición, Lucía Laín.
7. Coparticipar co Concello de Baiona no acto de inauguración da exposición e colaboración na divulgación da exposición.

En virtude do presente acordo, o **CONCELLO DE BAIONA** obrígase a:

1. A posta ao dispor do Multiusos Mercado de Sabarís, nas datas consignadas no pacto primeiro do presente convenio.
2. A xestión de horarios de montaxe e desmontaxe, permisos de estacionamento ou de carga e descarga da obra.
3. A posta ao dispor e asunción dos costes de persoal do Concello de Baiona para a realización de tarefas de vixilancia, supervisión e limpeza do espazo expositivo.
4. Coorganizar o acto de inauguración en coordinación coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Concello de Baiona actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición, acordando previamente a súa convocatoria e contido.



5. Xestión dos dereitos de propiedade intelectual constituídos sobre as imaxes e materiais que o Concello de Baiona solicite para a comunicación da Exposición.
6. Limpeza e restauración das paredes da sala unha vez finalice a exposición e se retiren as obras.
7. A contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade que levará a cabo durante a vixencia da exposición, na que se fará constar a colaboración da Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia. As pezas de comunicación e promoción desenvolvidas para a difusión da exposición enviaranse para validación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Na imaxe da exposición, así como en todo o material de comunicación e difusión da mesma, constarán os logotipos da Xunta e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao mesmo nivel que o do Concello de Baiona. O uso dos logotipos será validado por escrito por cada unha das partes con anterioridade á produción de cada un dos materiais.
8. Custodiar debidamente as obras que compoñen a exposición, desde a súa chegada ao Multiusos Mercado de Sabarís ata a súa retirada completa.
9. Comprométese así mesmo a comunicar urxentemente á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, verbalmente e por escrito, calquera alteración que se puidese observar no estado e condición das obras ou calquera situación de risco para a seguridade das devanditas pezas. En caso de forza maior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia adoptará todas as medidas de urxencia necesarias.
10. Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a programación de actividades a desenvolver no espazo cedido e informar puntualmente os cambios no programa.
11. Ofrecer datos estimados do número de visitantes á exposición e entregar unha memoria final cos datos estatísticos de interese.

En virtude do presente convenio, para a itinerancia da exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. Entregar ao Concello de Baiona, o mobiliario recollido no anexo II e cuxa itinerancia fose previamente autorizada polas entidades colaboradoras, debidamente embalado para o seu traslado ao Paseo Pinzón de Baiona.
2. Ceder o uso temporalmente e unicamente ata a clausura da exposición no Paseo Pinzón, do mobiliario producido por Fundación e da gráfica empregada na exposición na Biblioteca de Galicia adaptada por Fundación para este proxecto recollida no Anexo III. En calquera caso, a cesión se refire unicamente ao uso destes elementos e se restrinxe dita utilización, á exhibición da exposición **"BOTAMOS UN BAILE?"** no Paseo Pinzón de Baiona para a súa exhibición pública do 2 ao 29 de setembro de 2025. A cesión de uso non implica a transmisión da propiedade de ditos elementos nin a posibilidade de cesión a terceiros de dito material.
3. Directamente, ou a través de terceiros, a contratación, execución e os gastos



derivados do transporte de concentración e dispersión do mobiliario, embalaxe e produción de envoltorios (de ser o caso), reembalaxe no desmonte, rexistro e, desmonte das estruturas no espazo.

4. Produción e montaxe e desmontaxe da gráfica nas estruturas.
5. Asumir os honorarios pola contratación dos comisarios da exposición, Zósimo López Pena e Henrique Neira Pereira.
6. Coparticipar co Concello de Baiona no acto de inauguración da exposición e colaboración na divulgación da exposición.

En virtude do presente acordo, o **CONCELLO DE BAIONA** obrígase a:

1. A posta ao dispor do Paseo Pinzón, nas datas consignadas no pacto primeiro do presente convenio.
2. A xestión de horarios de montaxe e desmontaxe, permisos de estacionamento ou de carga e descarga do mobiliario.
3. A ter subscrita unha póliza de seguro que cubra na súa totalidade, todos os danos e prexuízos que poidan sufrir os bens, mobiliario e/ou materiais que son cedidos ao Concello de Baion pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, sinalados en anexo a este convenio, para a exhibición da exposición "BOTAMOS UN BAILE?" no Paseo Pinzón de Baiona.
4. A posta ao dispor e asunción dos costes de persoal do Concello de Baiona para a realización de tarefas de vixilancia, supervisión e limpeza das pezas e do espazo expositivo.
5. Coorganizar o acto de inauguración en coordinación coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e o Concello de Baiona actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición, acordando previamente a súa convocatoria e contido.
6. Xestión dos dereitos de propiedade intelectual constituídos sobre as imaxes e materiais que o Concello de Baiona solicite para a comunicación da Exposición, e que non sexan da titularidade da Biblioteca de Galicia.
7. A contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade que levará a cabo durante a vixencia da exposición, na que se fará constar a colaboración da Xunta de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Biblioteca de Galicia. As pezas de comunicación e promoción desenvolvidas para a difusión da exposición enviaranse para validación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
8. Na imaxe da exposición, así como en todo o material de comunicación e difusión da mesma, constarán os logotipos da Xunta, Fundación Cidade da



Cultura de Galicia e Biblioteca de Galicia como entidades coorganizadoras pertencentes á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao mesmo nivel que o do Concello de Baiona. O uso dos logotipos será validado por escrito por cada unha das partes con anterioridade á produción de cada un dos materiais.

9. Custodiar debidamente as estruturas que compoñen a exposición, desde a súa chegada ao Paseo Pinzón en Baiona ata a súa retirada completa.
10. Comprométese así mesmo a comunicar urxentemente á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, verbalmente e por escrito, calquera alteración que se puidese observar no estado e condición das pezas do mobiliario ou calquera situación de risco para a seguridade das devanditas pezas. En caso de forza maior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia adoptará todas as medidas de urxencia necesarias.
11. Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia a programación de actividades a desenvolver no espazo cedido e informar puntualmente os cambios no programa.
12. Ofrecer datos estimados do número de visitantes á exposición e entregar unha memoria final cos datos estatísticos de interese.

TERCEIRA.- FINANCIACION

Os costes que se deriven dos compromisos das partes, serán os que resulten dos procedementos de contratación que correspondan ao marxe da utilización dos medios propios de cada entidade.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes do Concello de Baiona.



A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non



teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto das dúas exposicións, isto é, dende o 1 de xullo de 2025 ata o 30 de setembro de 2025, así como as datas anteriores e posteriores a dito intervalo, precisas para transporte, montaxe e desmontaxe das estruturas no espazo.

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento







Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia Polo Concello de Baiona

Dna. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente









D. Jesús Vázquez Almuíña Alcalde












ANEXO I: LISTA DE OBRA

IMAXE	FICHA TÉCNICA	IMAXE	FICHA TÉCNICA
	Juan Rodríguez Porto. 2010 60x40		Eva Díez <i>#13 Renacer</i> 2016 70x105 cm
	Nicolás Muller Tres personas. Oporto, 1939 Archivo Regional de la Comunidad de Madrid. Colección Ana Muller 50x50		José Moreira <i>Terminando la casa.</i> Porriño, Pontevedra, c. 1920 Museo de Pontevedra 60x40
	Nicolás Muller Descargando sal. Oporto, 1939 Archivo Regional de la Comunidad de Madrid. Colección Ana Muller 50x5		Autor desconocido <i>El Facho. Al fondo los valles de Saleidos y El Rosal.</i> A Guarda, Pontevedra, c. 1925 [Reproducción de postal coloreada] Col. Roisin / IEFC Archivo INFOIMAXE 70x20 cm
	Artur Pastor Pelourinho de Vila do Conde. Oporto, c. 1950 Arquivo Municipal de Lisboa 50x50		Autor desconocido <i>Hombres observando la desembocadura del río Miño desde el monte de Santa Trega [Tecla].</i> A Guarda, Pontevedra C. 1925 Col. Roisin / IEFC 70x20 cm











	<p>Artur Pastor Panorámica de Vila do Conde. Oporto, c. 1950 Arquivo Municipal de Lisboa 50x50</p>		<p>Jaime Pacheco <i>A Guarda. Vista del muelle.</i> A Guarda, Pontevedra Concello de Vigo. Archivo fotográfico Pacheco. 90x60</p>
	<p>Estúdios Tavares da Fonseca Vila do Conde. Playa con casetas y bañistas. Oporto, c. 1960 Centro Portugués de Fotografía 60x40</p>		<p>Antón Bucíños <i>Sin título</i> Camposancos [Desembocadura del Miño], Pontevedra. 2015 60x40</p>
	<p>Aurélio da Paz dos Reis Hilda y Hugo Paz dos Reis en el columpio de la playa con los niños. Póvoa de Varzim. Oporto, 1910 Centro Portugués de Fotografía 40x30</p>		<p>Antón Bucíños <i>Sin título</i> Pontevedra [costa], 2015. 60x40</p>
	<p>José Gouveia Gomes Junior Viaje a la región del Minho. Póvoa de Varzim. Oporto, 1945 Centro Portugués de Fotografía 60x40</p>		<p>Antón Bucíños <i>Sin título.</i> Monte Torroso, A Guarda. 2015 90x60</p>













	<p>Luis Vioque <i>Viana do Castelo</i>, junio 2003 57x120</p>		<p>Joaquín Pintos <i>Excursión de los Exploradores de España</i>. A Guarda, Pontevedra, entre 1922 y 1931 Museo de Pontevedra 60x40</p>
	<p>Luis Vioque <i>Vila Praia de Âncora</i>, junio 2003 57x120</p>		<p>Autor desconocido <i>La Guardia</i>, [grupo de hombres ante el puerto]. Pontevedra c. 1925 Col. Roisin / IEFC A Guarda, 191- 192- 193- 40x30</p>
	<p>Alberto Marçal <i>Brandão</i> <i>Tres pescadores descansando</i>. Póvoa de Varzim. Oporto, 1907 Centro Português de Fotografia 60x40</p>		<p>José Suárez A Guarda, Pontevedra, c. 1960 Archivo José Suárez 60x40</p>
	<p>Artur Pastor <i>Romería de São Bartolomeu do Mar</i>. Esposende, Braga, entre 1940 e 1970. Arquivo Municipal de Lisboa</p>		<p>Modesto Martínez <i>Nasas</i>. A Guarda, Pontevedra, 2005 60x40</p>
	<p>Carmenhu Alemán <i>São Bartolomeu do Mar</i>. Esposende. Braga,</p>		<p>Modesto Martínez <i>Camino</i>. A Guarda, Pontevedra, 2005 60x40</p>











	Portugal. 2007 90x60		
	Roberto de la Torre <i>Senhor do Cruzeiro e das Necessidades, Lanheses.</i> Viana do Castelo. 2019 60x40		Iñaki Matilla <i>Rectoral. O Rosal, Pontevedra, 2016</i> 50,63x70
	Roberto de la Torre San Silvestre. Cardielos. Viana do Castelo. 2015 60x40		Iñaki Matilla <i>Internado. A Guarda, Pontevedra, 2016</i> 70x50,63
	Carmenhu Alemán <i>Festa das Rosas. Vila Franca do Lima.</i> Viana do Castelo, Portugal. 2016 90x60		Blas González <i>As Gándaras.</i> Porriño, 2017 60x40
	Autor no identificado <i>Praia de Âncora, mulheres junto ao mar.</i> Viana do Castelo, c. 1900 Arquivo Municipal de Lisboa 90x60		Blas González <i>La Travesía.</i> Vigo, 2019 60x40











	<p>Artur Pastor Luz do céu [Luz del cielo], interior de Sé Primaz. Braga, 1940- 1970 Arquivo Municipal de Lisboa 40X30</p>		<p>Nicolás Combarro. Serie Arquitectura y resistencia (XII), 2010 60X40 70.Nicolás Combarro Serie Arquitectura y resistencia (XI), 2010 60X40</p>
	<p>Luis Borges <i>Sao João da Fraga. Serra do Gêres,</i> Junho de 2017 60x40</p>		<p>Nicolás Combarro. Serie Arquitectura y resistencia (XII), 2010 60X40 70.Nicolás Combarro Serie Arquitectura y resistencia (XI), 2010 60X40</p>
	<p>Autor no identificado <i>Moledo. Viana do Castelo, c.</i> 1900 Arquivo Municipal de Lisboa 40x30</p>		<p>Alberto Marçal Brandão Molido de viento con el Monte Santa Trega [Tecla] al fondo. Moledo, Viana do Castelo, c. 1900 Centro Portugués de Fotografía 40x30</p>
	<p>Jaime Pacheco <i>Puente Internacional de Tui.</i> Pontevedra, c. 1915 Concello de Vigo. Archivo fotográfico Pacheco 40x30</p>		<p>Otto Wunderlich <i>Claustro de la catedral de Santa María.</i> Tui, Pontevedra, 1929- 1936 Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y Deporte 60x40</p>
	<p>José Moreira Vista general de Tui. Pontevedra, ca. 1940</p>		<p>Verónica Vicente Escrito en las hojas 01, 2019. 90x60</p>








	Arquivo José Moreira. Museo de Pontevedra 40x30		
	Otto Wunderlich <i>Vista parcial del río Miño desde la torre de la catedral.</i> Tui, Pontevedra, 1929-1936 Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y Deporte 60x40		Keila Pousa <i>El camino que nos mira [Serie pareidolia].</i> Pontevedra, 2019- 2020 90 x 120
	Fernando Rey Daluz <i>Peregrinos en la Niebla,</i> 2019 60x40		Carla Andrade <i>Biocentrismo del sueño (02).</i> Illas Cíes desde Monteferro. 2010 60x40
	Fernando Rey Daluz <i>Vía Láctea,</i> 2019 60x40		Carla Andrade <i>Biocentrismo del sueño (01).</i> Praia América. 2010 60x40
	<i>Ría de Baiona. Barcas en una playa.</i> Pontevedra, c. 1930 Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y		Otto Wunderlich <i>Barrio de pescadores y puerto.</i> Vigo, Pontevedra, 1920- 1936 Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y Deporte 60x40



	Deporte 40x30		
	Casa Charles Alberty & Cia (Loty) <i>Palacio de Justicia y calle del Príncipe.</i> Vigo. Pontevedra, 1920-1936 A.H.P. de Lugo 90x60		Otto Wunderlich <i>Calle con soportales.</i> Baiona, Pontevedra, 1929-1936 Instituto del Patrimonio Cultural de España, Madrid, Ministerio de Cultura y Deporte 60x40
	María Meseguer <i>01 Plaza de Abastos.</i> Santiago de Compostela, 1997 33x50		Autor desconocido <i>Aguadoras.</i> Santiago de Compostela, c. 1921 A Coruña. Roisin / IEFC 60x40
	Tono Arias <i>Sin título.</i> 2018 60x40 (?)		Alvão, Lda. <i>Pessoas junto à catedral de Santiago de Compostela,</i> c. 1920 A Coruña Centro Portugués de Fotografía 60x40
	Miguel Muñiz <i>La sonrisa del camino,</i> 2019 60x40		Autor desconocido <i>Coche de línea estacionado frente al Gran Hotel Europa en la plaza de Galicia.</i> Santiago de Compostela, c. 1915 A Coruña Col. Thomas / IEFC 90x60



	<p>Jesús Madriñán <i>A Rosalía e amigos.</i> De la serie <i>I Am Light</i>, 2019 A Coruña 155 x192</p>		<p>Autor desconocido Mercado. Redondela. Pontevedra, c. 1930 Col. Roisin / IEFC. 90x60</p>
	<p>Autor desconocido <i>Librería Modernista en la calle Alfonso XII.</i> Redondela. Pontevedra, c. 1015. Col. Thomas / IEFC 60x40</p>		<p>Autor desconocido <i>Carros de vacas.</i> Santiago de Compostela, c. 1925. A Coruña. Col. Roisin / IEFC Santiago de Compostela, 192-193- 194- ACM-9-18003v60x40</p>
	<p>Casa Charles Alberty & Cia (Loty) <i>Padrón. Vista parcial.</i> A Coruña, 1920-1936 A.H. P. de Lugo 30x40</p>		



ANEXO II: ELEMENTOS QUE ITINERAN

- 1 Estructura con forma curva de 240 cm de largo x 80 cm de ancho x 85 cm de alto.
- 2 Estructuras de 240 cm de largo x 80 cm de ancho x 45 cm de alto.
- 5 Paneis con perfil de aluminio de 190 cm de alto x 140 de ancho x 20 de fondo con metacrilato rotulado por ambas caras.



ANEXO III: rotulacións dos paneis



As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificadas a través deste código.
 CVE: askaaodf9ai9 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

